

**I. DISPOSICIÓN XERAIS****CONSELLERÍA DE PESCA  
E ASUNTOS MARÍTIMOS**

*Orde do 20 de xuño de 2006 pola que se regula a Comisión Galega de Mergullo Profesional.*

A actividade de mergullo profesional, tanto en relación coas actividades de explotación dos recursos mariños como con outras variadas actividades subacuáticas, efectúase en situacións, en moitas ocasións, extremas, o que resulta determinante de que se requira unha elevada cualificación dos seus profesionais, así como da garantía das mellores condicións na súa prestación.

A Comunidade Autónoma de Galicia posúe as competencias nesta materia, traspasadas polo Real decreto 1377/1997, do 29 de agosto, coa referencia da función normativa básica do Estado.

Para o exercicio das referidas competencias percíbese como necesario a constitución dun órgano colexiado representativo e de asesoramento, mediante o cal a Administración pública poida exercer as funcións que lle son propias coa participación dos interlocutores sociais.

Para tal fin, xa pola disposición adicional terceira da orde da Consellería de Pesca, e Asuntos Marítimos, do 23 de abril de 1999, pola que se regulou o exercicio do mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, creouse a Comisión Galega de Mergullo Profesional, como órgano consultivo da consellería para os asuntos relacionados con esta actividade, dispoñendo que a súa composición e funcionamento sería establecido regulamentariamente.

O tempo transcorrido desde entón fai aínda máis prioritario a regulación da Comisión Galega de Mergullo Profesional, e a súa conseguinte posta en operatividade, razóns polas que,

**DISPOÑO:****Artigo 1º**

Dispónse a constitución da Comisión Galega de Mergullo Profesional, órgano colexiado, consultivo da Xunta de Galicia nos asuntos referentes á práctica do mergullo profesional dentro do ámbito territorial de Galicia.

**Artigo 2º.-Composición.**

1. Integran a Comisión Galega de Mergullo Profesional:

-O presidente, que será nomeado pola conselleira e que recaerá no secretario xeral ou nun director xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

-Dous vogais designados polas asociacións profesionais máis representativas do mergullo profesional.

-Dous vogais designados polas asociacións representativas dos recolectores.

-Un vogal designado pola asociación de mergullo profesional galego (Promega).

-Un vogal designado por cada un dos sindicatos con maior representación na comunidade autónoma galega.

-O secretario, que será nomeado pola conselleira de entre persoal da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

2. O presidente poderá designar, en función dos temas que se van tratar e para cada reunión, expertos entre persoas de recoñecida competencia na materia, que non terán dereito a voto.

3. Os vogais serán designados polas entidades que corresponden en cada caso, notificando ao secretario da comisión o nomeamento cunha antelación mínima de 48 horas; as súas funcións como vogais non serán remuneradas.

Cada vogal poderá ter un suplente designado da mesma forma que o titular, e cos mesmos dereitos e obrigas, non se admitindo a delegación de voto noutros membros da comisión.

**Artigo 3º.-Funcións.**

En canto órgano consultivo da consellería para os asuntos relacionados coa actividade do mergullo profesional, son funcións da Comisión Galega de Mergullo Profesional:

a) Colaborar coa Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos na planificación e programación de actividades que afecten o exercicio desta actividade profesional.

b) Estudar e propoñer á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos as reformas que considere necesarias na regulamentación desta práctica profesional, dentro do marco competencial da Xunta de Galicia.

c) Elaborar informes e ditames en todas as materias cando así llelo solicite a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos ou o acorde a maioría dos seus membros.

**Artigo 4º.-Funcionamento.**

1. A Comisión Galega de Mergullo Profesional elaborará unha normativa de réxime interior, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* por resolución da conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos.

Para o exercicio das súas funcións, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos prestará o conxunto de medios persoais, técnicos, económicos e materiais necesarios.

2. A Comisión Galega de Mergullo Profesional reunirse con carácter ordinario, dúas veces ao ano e, con carácter extraordinario, cando o acorde o seu presidente ou o solicite, polo menos, a metade dos seus membros.

As convocatorias das reunións ordinarias da comisión remitiranse aos seus membros cun mínimo de dez días de antelación; non obstante, este prazo poderase reducir no suposto de convocatorias extraordinarias.

Para a súa válida constitución, será precisa a asistencia dun mínimo da metade dos membros da comisión en primeira convocatoria; de non se acadar o quórum preciso, poderase constituír en segunda convocatoria coa presenza dun mínimo da terceira parte dos seus membros. En todo caso, para a súa válida constitución terán que asistir, en todo caso, o seu presidente e o secretario, ou persoas que regulamentariamente os suplan.

**Disposicións derradeiras**

Primeira.-A Comisión Galega de Mergullo Profesional constituirase no prazo de tres meses desde a entrada en vigor da presente orde.

Segunda.-A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2006.

Carmen Gallego Calvar  
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Resolución do 20 de xuño de 2006, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se lle dá publicidade ao acordo da Comisión Paritaria de Acción Social sobre os criterios de repartición do fondo de acción social para o ano 2006 do persoal ao servizo da Administración de xustiza con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.*

De conformidade co acordado pola Comisión Paritaria de Acción Social, dependente da Mesa Sectorial de Negociación do persoal ao servizo da Administración de xustiza nesta comunidade autónoma, en reunión celebrada o día 7 de xuño de 2006 polos representantes da Administración autonómica e as organizacións sindicais presentes na negociación, sobre os criterios de repartición do fondo de acción social para o ano 2006 do referido persoal, esta dirección xeral

#### ACORDA:

Primeiro.-Publicar a convocatoria de acción social de 2006 para os funcionarios ao servizo da Administración de xustiza como anexo I desta resolución.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2006.

Julio Ignacio Iglesias Redondo  
Director xeral de Xustiza

#### ANEXO I

##### Convocatoria de acción social 2006

A Dirección Xeral de Xustiza, por proposta da Comisión Paritaria de Acción Social, aproba a convocatoria pública dos programas e contías que se expresan deseguido:

O orzamento total para a convocatoria de acción social para o ano 2006 é de 208.061,77 €.

Programa	Porcentaxe	Contía
I Axuda fillos e estudos fillos	67,00%	139.401,38 €
II Axuda estudos funcionarios	28,45%	59.193,58 €
III Axuda minusvalídeces e outras	4,55%	9.466,81 €

##### Condicións xerais

#### 1. Ámbito persoal.

a) Poderán solicitar as prestacións dos distintos programas os funcionarios titulares e interinos dos seguintes corpos ao servizo da Administración de xustiza:

Médicos forenses, xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial.

b) O persoal referido no parágrafo anterior deberá estar en situación de activo ou en excedencia por

coidado de fillos na Administración de xustiza e con destino nesta comunidade autónoma na data de inicio do prazo de presentación das solicitudes e reunir os requisitos exixidos para cada programa.

c) Tamén poden solicitar as prestacións dos distintos programas os funcionarios interinos da Administración de xustiza sempre que prestasen servizos nalgún momento nesta comunidade autónoma no período comprendido entre o remate da acción social do ano pasado (31-7-2005) ata a finalización do prazo de presentación de instancias deste ano (15-8-2006).

d) As prestacións desta acción social son incompatibles coas que se poidan conceder por outras administracións.

#### 2. Baremo.

1. Terase en conta a contía dos salarios medios do persoal comprendido no punto anterior e que se especifica a continuación:

Médicos forenses: 30.006,84 €.

Xestión procesual e admtva.: 18.737,59 €.

Tramitación procesual e admtva.: 14.736,69 €.

Auxilio xudicial: 12.336,14 €.

Para o cálculo da axuda do programa I, deberase aplicar a seguinte fórmula:

$$\text{Coeficiente} = \frac{57.096,15 - \text{salario medio}}{12.020,24 + \text{salario medio}} - 0,2$$

2. Co obxecto de evitar as desproporcións que puidese provocar o feito de que as retribucións do peticionario non foran referidas a todo o exercicio anual (2005), por tomar posesión do seu cargo ao longo do ano e non desde o principio, dando orixe a un salario reducido por este motivo e polo tanto cun maior coeficiente, o que se considera inadmisíbel, aplícaselles como salario para o cálculo da axuda as cantidades mínimas seguintes:

Médicos forenses: 19.337,74 €.

Xestión procesual e admtva.: 12.002,73 €.

Tramitación procesual e admtva.: 9.335,45 €.

Auxilio xudicial: 8.001,83 €.

#### 3. Convocatoria.

a) O prazo de presentación das solicitudes é o abranguido entre o día 1 de xullo e 15 de agosto, ambos os dous incluídos.

b) Serán nulas todas as instancias que non se presenten dentro do prazo da convocatoria.

c) O período que comprenden estas axudas será desde o remate da convocatoria anterior (1 de agosto de 2005) ata a finalización do prazo de presentación de solicitudes desta.

#### 4. Solicitudes e documentación.

a) Os interesados deberán presentar unha solicitude por cada un dos programas que soliciten, conforme os modelos que se achegan, debidamente cubertas.

b) As solicitudes deberán dirixirse ao Servizo de Recursos Humanos da Administración de Xustiza da Dirección Xeral de Xustiza, en praza de Europa 5A-4º, polígono das Fontiñas, Santiago de Compostela, ou nos lugares previstos pola Lei 30/1992, do